

**RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES ALBERTIA LUGO**  
**AVENIDA INFANTA ELENA, 225**  
**27003 - LUGO**

Exps.: BSO00A 2020/1248  
BBP/cls

Por medio do presente escrito achégase acta da inspección A-451/2020 redactada após da inspección xirada con data do 26 de outubro de 2020 aos centros de servizos sociais RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES ALBERTIA LUGO, sita na Avenida Infanta Elena nº 225 do Concello de Lugo.

Esta comunicación fórmulase de conformidade co artigo 50.4) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

A xefa do Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia





## Acta de inspección de servizos sociais

Acta nº	A-451/2020
Data	26/10/2020
Nº exp.:	BSO00A 2020/1248

Entidade titular	ALBERTIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA
Representante legal	COMPAÑIA VASCO ALEMANA SL
Entidade xestora	--
Representante legal	--

Centro/programa inspeccionado	RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES ALBERTIA LUGO		
Enderezo	AVENIDA INFANTA ELENA Nº 225	Tifno	982207062
Código Postal	27003	Concello	LUGO
Entidade/centro nº	E-7034 C-1	Tipoloxía	GRAN CENTRO RESIDENCIAL
		Provincia	LUGO
		Prazas autorizadas	191

Persoal inspector:	PS.C02.00.005.15770.007
--------------------	-------------------------

### Resultado do actuado:

#### En canto ao funcionamento:

1.- Da comprobación do rexistro de úlceras por presión da persoa usuaria ARM conséntase que:

- Non constan rexistradas conforme ao Protocolo da Inspección as curas realizadas. Deberán elaborar e implantar no funcionamento do centro un rexistro de úlceras no que constarán os seguintes datos mínimos: tipo de úlcera, localización, inicio, estadio, dimensión, data da cura, obxectivo, tratamento, evolución, coidados específicos, así como a sinatura da persoa que realiza a cura.

2.- Da comprobación das facturas emitidas ás persoas usuarias conséntase que están a pasar ao cobro diversas cantidades no concepto de "aseo e coidado persoal". Segundo informa o persoal de administración se inclúe neste concepto determinadas cremas para a prevención de úlceras. Deberán detallar polo miúdo na factura o tipo de material que se inclúe neste concepto.

Para os efectos de emendar correctamente os requirimentos desta acta recoméndase consultar o Protocolo da Inspección de Servizos Sociais sobre os centros de Maiores, Discapacidade e Dependencia da Comunidade Autónoma de Galicia no seguinte enlace:

[https://politicassocial.xunta.gal/sites/w\\_polso/files/arquivos/xeral/protocolo\\_inspeccion\\_maiores\\_discapacidade\\_dependencia\\_0.pdf](https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/xeral/protocolo_inspeccion_maiores_discapacidade_dependencia_0.pdf)

Os feitos constatados poden ser constitutivos de infraccións en materia de servizos sociais tipificadas nos artigos 79 e seguintes da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

**Requírese para que no prazo de dez días se leven a cabo as actuacións precisas para emendar os incumprimentos constatados e acreditar documentalmente a súa emenda.**

A contestación a este requirimento debe presentarse de forma electrónica, de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 10.1 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

A presentación pódese facer no Rexistro Electrónico Xeral dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/>, mediante o procedemento PR004A - [Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado](#). A contestación debe dirixirse á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social. O código de identificación da unidade que tramita o expediente é **A12X01287**.

**Infórmase de que non atender deste requirimento pode ser considerado obstrución ao labor inspector, tipificado como infracción grave en materia de servizos sociais, de acordo co disposto no artigo 81 k) da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.**

Unha vez realizada a inspección, iniciada ás 9:45 horas e rematada ás 12:00 horas, redactase este acta e remitimos copia.

O persoal inspector

